

INSTRUCCIÓN PARA O ENTREVISTADOR

AS PREGUNTAS CONTÉSTANSE DALGUNHA DAS SEGUINTE FORMAS:

- Marcando de forma CLARA a/as opción/s mencionada/s polo entrevistado. Asegúrese de que a cruz marque só a opción seleccionada. Se a resposta non encaixa en ningunha categoría predefinida, escriba LITERALMENTE o expresado polo entrevistado na opción "Outra, especificar...". Se nalgunha pregunta tivese algunha dúbida que non poida resolver, escriba ao lado da opción a frase tal e como a dixo o entrevistado e coménteo logo co revisor do proxecto.
- A resposta literal na liña de puntos (.....), debe de ser con LETRA OU NÚMEROS MOI CLAROS.
- Ao encher as casas /_/_, utilice números enteiros, non use fraccións. Aliñe á dereita o número; é dicir, se a resposta é 5, anote /0/5/. Se vostede anota /5/_/ (deixando un espazo en branco á dereita), ao gravar os datos no ordenador transcribírase 50.
- Inclúense dous tipos de aclaracións utilizando letra cursiva:
 - Instrucións para o entrevistador sobre como preguntar ou encher o cuestionario. Ex. Clasifique as persoas segundo o nivel ou curso máis alto aprobado.
 - Aclaracións que poden axudarlle a resolver algunhas dúbidas do entrevistado. Ex. Considérase que "reside no fogar" quen residiu máis de 45 días nos últimos 3 meses ou se se incorporou definitivamente á vivenda familiar principal.

Non llas debe ler ao entrevistado pero sígaas sempre e utilíceas para facerlle aclaracións.

ADEMAIS, PARA LER E MARCAR ADECUADAMENTE AS RESPONSTAS:

- Non use a cor vermella para encher o cuestionario. Use preferentemente negro ou azul.
- É imprescindible solicitar o consentimento informado.
- Faga cada pregunta exactamente como está escrita, incluíndo o que está entre parénteses. Se o entrevistado non entende a pregunta, repita a mesma lectura e se non entende, explíquelha.
- Cando se equivoque ao marcar unha opción, non trate de corrixir escribindo por riba da resposta que quere eliminar. Proceda rodeando a resposta incorrecta cun círculo e marcando cunha aspa a nova.

| | | | |
|------|-------------------------------------|-----------------|---------------------|
| (01) | <input checked="" type="checkbox"/> | Nada importante | Resposta incorrecta |
| (02) | <input checked="" type="checkbox"/> | Algo importante | Resposta correcta |
| (03) | <input type="checkbox"/> | Moi importante | |
| (09) | <input type="checkbox"/> | NS/NC | |

Se era unha pregunta para escribir un número ou unha frase, rísquea completamente e anote ao lado a nova.

- Algunhas preguntas están deseñadas para ler as categorías ao entrevistado, mentres que noutras debe contestalas de forma espontánea. Estea atento e siga a instrución "Lea as opcións" cando apareza.
- Siga as instrucións de presentación que se dan na seguinte páxina e lea os parágrafos elaborados con ese fin. É moi importante establecer un bo vínculo de confianza co entrevistado. Conteste sempre a todas as súas dúbidas. Pense que moitas veces a súa desconfianza pode estar xustificada por experiencias pasadas e sexa honesto sempre nas súas formulacións.

PRESENTACIÓN

Bos días/tardes/noites son ----- e estou traballando nun estudo nacional patrocinado polo **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**. (AMOSE A CARTA OU TARXETA CREDENCIAL). Estamos entrevistando miles de persoas en toda España e o seu fogar foi seleccionado aleatoriamente para participar no estudo.

O estudo recolle información sobre o consumo de alcohol, cigarros e outras substancias, así como cuestións relacionadas coa saúde en xeral.

As respostas nunca se poderán relacionar con persoas concretas, xa que son anónimas. Nunca poderemos volver para aclarar datos dubidosos ou erróneos, polo que é fundamental que nos dea información o máis precisa posible. As leis obrigan a que toda a información que nos facilite sexa utilizada exclusivamente para os obxectivos científicos deste estudo. A participación nel non lle causará ningún problema. A sinceridade das súas respostas é decisiva para que o estudo teña valor científico.

(ENTREVISTADOR: SELECCIONAR A PERSOA QUE VAI ENTREVISTAR)

SE A PERSOA SELECCIONADA TEN 18 ANOS OU MÁIS, CONTACTE CON ELA DIRECTAMENTE:

Ola, son ----- e estou traballando nun estudo nacional patrocinado polo **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**. (AMOSE A CARTA OU TARXETA CREDENCIAL).

Estamos entrevistando miles de persoas en toda España e foi seleccionado aleatoriamente para participar no estudo. Nós non o/a podemos substituír se decide non participar.

O estudo recolle información sobre o consumo de alcohol, cigarros e outras substancias, así como cuestións relacionadas coa saúde en xeral.

As respostas nunca se poderán relacionar con persoas concretas, xa que son anónimas. Nunca poderemos volver para aclarar datos dubidosos ou erróneos, polo que é fundamental que nos dea información o máis precisa posible. Só os investigadores do estudo verán as respostas do cuestionario (e eles non saben o seu nome). As leis obrigan a que toda a información que nos facilite sexa utilizada exclusivamente para os obxectivos científicos deste estudo. A participación nel non lle causará ningún problema. A sinceridade das súas respostas é decisiva para que o estudo teña valor científico.

Se lle parece ben, comezamos. **COMECE A ENTREVISTA**

SE A PERSOA SELECCIONADA É MEJOR DE IDADE (15-17 ANOS),

➔ **CONTACTE PRIMEIRO CUN DOS SEUS PAIS E LÉALLE O PARÁGRAFO A:**

“Parágrafo A”

Ola son ----- e estou traballando nun estudo nacional patrocinado polo **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**. (AMOSE A CARTA OU TARXETA CREDENCIAL).

O/A seu/súa fillo/a de (anos) de idade foi seleccionado/a para participar neste estudo. (EL/ELA) foi seleccionado/a aleatoriamente, así que as respostas que o/a seu/súa fillo/a subministre, representarán as de varios miles de mozos. Non se poden facer substitucións se o/a seu/súa fillo/a decide non participar. As preguntas que (el/ela) nos dea serán estritamente confidenciais, e o seu nome nunca se relacionará coa enquisa xa que as respostas son anónimas e van en sobre pechado. O estudo recolle información sobre o consumo de alcohol, cigarros e outras substancias, así como cuestións relacionadas coa saúde en xeral. (OFREZA O CUESTIONARIO AO PAI/NAI PARA QUE EL/ELA O VEXA, E CONTINÚE):

Este é o cuestionario que utilizaremos. (SE O PAI OU A NAI DESEXAN EXAMINAR O CUESTIONARIO, PERMÍTALLE FACELO, RESPONDA A CALQUERA PREGUNTA, E LOGO DIGA): Os resultados deste estudo proporcionarán unha importante fonte de información sobre a experiencia das drogas e será usado con fins de investigación e prevención. Se vostede está de acordo, podemos comezar. Tamén nos gustaría facer a entrevista nun ambiente tan privado como sexa posible. Podemos atopar un lugar suficientemente privado para facer a entrevista?

➔ **A CONTINUACIÓN, COA AUTORIZACIÓN DOS PAIS, CONTACTE CO MENOR E LÉALLE O PARÁGRAFO B**

“Parágrafo B”

Ola son ----- e estou traballando nun estudo nacional patrocinado polo **Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade**. (AMOSE A CARTA OU TARXETA CREDENCIAL).

Estamos entrevistando varios miles de persoas en toda España, e fuches seleccionado para participar no estudo de forma aleatoria. As túas respostas representarán a forma de pensar de varios miles de españois. Nós non te podemos substituír se decides non participar.

O estudo recolle información sobre o consumo de alcohol, cigarros e outras substancias, así como sobre cuestións relacionadas coa saúde. Dada a importancia de obter información o máis precisa posible, asegúrase a túa confidencialidade. As leis obrigan a que toda a información que nos proporcionas sexa utilizada soamente para os obxectivos científicos deste estudo. Nin os teus pais, nin os teus profesores, nin outras persoas que poden tomar decisións que che afecten individualmente, verán nunca as túas respostas; só o farán os investigadores relacionados co estudo (e eles non saben o teu nome). A túa participación non che causará ningún problema e a sinceridade das túas respostas será decisiva para que o estudo teña valor científico. Pola mesma razón queremos realizar a entrevista nun ambiente tan privado como sexa posible. Podemos atopar un lugar suficientemente privado para facer a entrevista?

Se che parece ben, comezamos. **COMECE A ENTREVISTA**

DATOS DE CLASIFICACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA I

D1 Sexo:

| | | |
|---|--------------------------|--------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Home |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Muller |

D2 Cantos anos ten vostede? /_/_/

ENTREVISTADOR: Se o enquisado non quere contestar, **ENTREVISTA NON VÁLIDA**. Non pode quedar esta pregunta en branco.

D3 Cal é o seu estado civil?

| | | |
|---|--------------------------|-------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Solteiro/a |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Casado/a |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Separado/a-divorciado/a |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Viúvo/a |

D4 Con quen vive vostede actualmente? *Pode ser resposta múltiple.*

| | | |
|---|--------------------------|--|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Só |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Familia propia (cónxuxe/parella e/ou fillos propios ou da parella) |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Familia de orixe (pai, nai, irmáns, tíos, avós, sogros...) |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Outros. Especificar _____ |

D5 Cal é o nivel de estudos máis alto que completou ou aprobou? Clasifique as persoas segundo o nivel ou curso máis alto aprobado. Se dubida onde incluír algúns estudos, clasifíquelos segundo o título oficial que se necesita para acceder a eles; por exemplo en 3, se para cursalos se esixía ter aprobada a ESO ou ter o Graduado Escolar, ou en 4, se se esixía ter aprobado o BUP.

ENTREVISTADOR: especificar ao máximo o tipo de estudo e o último curso aprobado e **CODIFICAR** abaixo

| | | |
|---|--------------------------|--|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Sen estudos ou estudos primarios incompletos: menos de 6 anos ou cursos de primaria aprobados |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Estudios primarios completos: 6º EXB aprobado, certificado de escolaridade, 6 anos ou cursos de primaria aprobados |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Estudios secundarios 1ª etapa: 8º EXB aprobado, graduado escolar, bacharelato elemental, formación profesional de 1º grao ou ciclos formativos de grao medio aprobados, ESO aprobada, 4 anos ou cursos de secundaria aprobados |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Estudios secundarios 2ª etapa: BUP, bacharelato superior, bacharelato LOXSE, bacharelato LOMCE, COU, PREU, formación profesional 2º grao ou ciclos formativos de grao superior, 5 ou máis anos ou cursos de secundaria aprobados. |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Estudios universitarios medios (diplomatura, maxisterio, arquitectura ou enxeñaría técnica, grao) |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Estudios universitarios superiores (licenciatura, arquitectura ou enxeñaría superior, doutoramento, mestrado) |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Ns/Nc |

D6 Naceu vostede en España?

| | | | |
|---|--------------------------|-------|-----------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Sí | → PASAR Á PREGUNTA S1 |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Non | |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Ns/Nc | |

D7 Se naceu fóra de España, cantos anos leva vivindo en España, aproximadamente?:

| | | |
|---|--------------------------|-------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Nº de anos: _____ |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Ns/Nc |

SAÚDE

S1. En xeral, vostede diría que a súa saúde é...

| | | |
|---|--------------------------|----------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Moi boa/ Boa |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Regular |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Mala/ Moi mala |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Ns/nc |

Agora voulle entregar un caderno con preguntas sobre o consumo de diversas substancias. Como estas cuestións son máis persoais, para que eu non poida ver o que contesta, é conveniente que vostede mesmo/a lea as preguntas e marque as respostas no caderno.

→ Entrevistador: Entregue ao/á entrevistado/a o caderno autoenchible.

No caso das bebidas alcohólicas, voulle eu axudar a enchelo léndolle as preguntas, e ensinándolle a marcar as respostas. Logo, para o resto das substancias, é conveniente que lea e conteste vostede só.

→ Entrevistador: Entregue ao/á entrevistado/a a folla de instrucións e axúdeo, se é preciso.

→ Entrevistador: Lea as preguntas sobre bebidas alcohólicas a modo, asegurándose de que o/a entrevistado/a as comprende. Logo indíquelles como se marcan as respostas. Intente que progresivamente o vaia facendo el/ela só/soa.

→ Entrevistador: Finalizados os bloques autoenchibles, encha persoalmente o resto do cuestionario.

RISCO E OUTRAS CUESTIÓNS

R1. Agora, gustaríanos saber a súa opinión sobre os problemas, de saúde ou de calquera outro tipo, que poden significar cada unha das seguintes situacións. Lea todas as categorías a modo.

| | Poucos problemas ou ningún | Bastantes ou moitos problemas | NS/NC |
|--|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1 Fumar un paquete de tabaco diario | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 2 Fumar cigarros electrónicos | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 3 Tomar 5 ou 6 canas/copas na fin de semana | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 4 Tomar máis de 1 ou 2 canas/copas de viño cada día | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 5 Fumar haxix ou marihuana (cánnabis) unha vez ou menos ao mes | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 6 Fumar haxix ou marihuana (cánnabis) unha vez por semana ou máis | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 7 Tomar tranquilizantes/sedantes ou somníferos unha vez ou menos ao mes | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 8 Tomar tranquilizantes/sedantes ou somníferos unha vez por semana ou máis | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 9 Consumir analxésicos opioides unha vez ou menos ao mes | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 10 Consumir analxésicos opioides unha vez por semana ou máis | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 11 Consumir cocaína ou outras drogas ilegais unha vez ou menos ao mes | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 12 Xogar a xogos con diñeiro ou apostas cunha frecuencia polo menos semanal | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 13 Empregar máis de 3 horas diarias a actividades que requiran o uso de Internet sen considerar o tempo empregado en tarefas escolares ou laborais | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |

R2. Que grao de dificultade pensa que tería vostede para obter cada unha das seguintes substancias, nun prazo dunhas 24 horas?

| | Difícil ou practicamente imposible | Relativamente doado ou moi doado | NS/NC |
|--|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1 Haxix, cánnabis , marihuana | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 2 Cocaína en po | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 3 Base (cocaína base, crack) | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 4 Éxtase ou outras drogas de síntese | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 5 Heroína | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 6 Tranquilizantes, sedantes ou somníferos sen ter receita | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 7 Analxésicos opioides sen ter unha receita | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |

R2a. Nos últimos 12 meses, quantas veces lle ofreceron algunha das seguintes drogas (xa sexa de forma gratuíta ou para comprar)? Poña unha "x" na casa de cada fila. En total debe poñer 8 "x" porque hai 8 filas de casas.

| | Nunca | 1 - 5 veces | 6 – 19 veces | 20 veces ou máis |
|---|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1 Haxix/marihuana (cánnabis) | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 2 Cocaína (po e/ou base) | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 3 Cocaína en po | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 4 Base (cocaína en forma de base, crack) | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 5 Éxtase | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 6 Anfetaminas ou speed | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 7 Alucinóxenos (LSD, tripis, cogomelos máxicos) | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 8 Heroína | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |
| 9 Metanfetamina | <input type="checkbox"/> ₀ | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₃ |

R3. Pensando onde vostede vive, cre vostede que as DROGAS ILEGAIS son un problema nada importante, algo importante ou moi importante?

| | | |
|---|--------------------------|-----------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Nada importante |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Algo importante |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Moi importante |
| 9 | <input type="checkbox"/> | NS/NC |

R4. Das seguintes situacións, dígame con que frecuencia atopa vostede estas situacións actualmente no barrio ou vila onde vive?

| | Moi frecuente/ Frecuente | Pouco frecuente/ Nunca | NS/NC |
|---|---------------------------------------|---------------------------------------|---------------------------------------|
| 1 Xiringas tiradas no chan | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 2 Persoas inxectándose droga | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 3 Persoas inhalando ou aspirando drogas en papel de aluminio | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 4 Persoas drogadas caídas no chan | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 5 Vendedores que ofrecen drogas | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 6 Persoas esnifando drogas polo nariz (ex. no baño de bares ou discotecas, portais, coches, etc.) | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 7 Persoas fumando porros | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 8 Persoas facendo botellón | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |
| 9 Persoas borrachas | <input type="checkbox"/> ₁ | <input type="checkbox"/> ₂ | <input type="checkbox"/> ₉ |

R5. Para cada unha das accións para intentar resolver o problema das drogas ilegais que lle vou mencionar, dígame se a considera nada, algo ou moi importante:

| | Nada importante | Algo importante | Moi importante | NS/NC |
|--|----------------------------|----------------------------|----------------------------|----------------------------|
| 1 Campañas publicitarias explicando os riscos das drogas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 2 Educación sobre as drogas nas escolas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 3 Tratamento voluntario aos consumidores para deixar a droga | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 4 Tratamento obrigatorio aos consumidores para deixar a droga | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 5 Administración médica de metadona aos consumidores de heroína | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 6 Administración médica de heroína aos consumidores que fracasaron noutros tratamentos | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 7 Control policial e de aduanas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 8 Leis estritas contra as drogas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 9 Legalización do haxix e da marihuana | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |
| 10 Legalización de todas as drogas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 2 | <input type="checkbox"/> 3 | <input type="checkbox"/> 9 |

R6. A continuación indicámoslle algunhas afirmacións sobre actitudes ante as POLÍTICAS EN MATERIA DE ALCOHOL. Para cada afirmación, indique se está de acordo ou en desacordo:

| | De acordo | En desacordo |
|---|----------------------------|----------------------------|
| 1 Deberíase prohibir a publicidade de bebidas alcohólicas | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 0 |
| 2 Nos envases das bebidas alcohólicas deberíanse mostrar advertencias sobre os danos relacionados co alcohol | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 0 |
| 3 O patrocinio de deportistas , equipos deportivos ou eventos deportivos por parte da industria do alcohol deberían estar prohibidos por lei | <input type="checkbox"/> 1 | <input type="checkbox"/> 0 |

DATOS DE CLASIFICACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA II

ENTREVISTADOR: Os entrevistados de 15 anos de idade pasan directamente a D17. De D9 a D17 só contestan os de 16 ou máis anos.

A continuación voulle facer algunhas preguntas sobre a súa vida laboral

D9. En que situación/s das seguintes estaba A SEMANA PASADA? Referímonos á última semana completa, desde o último domingo ao luns anterior.

Axude ao entrevistado a centrar a semana de referencia.

Se se atopaba en varias situacións deberá escoller aquela que apareza primeira na listaxe.

Considéranse tamén persoas **con traballo**, aquelas que se atopen ausentes deste por causa de enfermidade ou accidente, conflito laboral, suspensión disciplinaria de emprego e soldo, vacacións, licenza de estudos, licenza de maternidade ou outra clase de licenza, ausencia voluntaria, desorganización temporal do traballo por razóns tales como mal tempo ou avarías mecánicas. As suspendidas ou separadas do seu emprego a consecuencia dunha regulación deste, considéranse asalariadas se o empregador lles paga polo menos o 50 por cento do seu soldo ou se se van reincorporar ao seu emprego nos próximos tres meses. Os aprendices que recibisen unha retribución en metálico ou en especie e os estudantes que traballasen a cambio dunha remuneración a tempo completo ou parcial considéranse como persoas asalariadas e clasifícanse como traballando ou sen traballar sobre a mesma base que as demais persoas con traballo por conta allea.

| | | | |
|----|--------------------------|--|------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Traballando | → Pasar á pregunta D10 |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Con emprego, pero temporalmente ausente del | → Pasar á pregunta D10 |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Parado que traballou antes | → Pasar á pregunta D10 |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Parado que busca o seu primeiro emprego | → Pasar á pregunta D16 |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Xubilado | → Pasar á pregunta D16 |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Incapacitado permanente | → Pasar á pregunta D16 |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Cursando algún estudo | → Pasar á pregunta D16 |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Dedicado principalmente a labores do fogar (actividade non económica) | → Pasar á pregunta D16 |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Outra situación sen exercer actualmente ningunha actividade económica, (Ex. Rendeiro, recibindo algunha axuda pública ou privada, etc.). Especificar..... | → Pasar á pregunta D16 |
| 99 | <input type="checkbox"/> | NS/NC | |

D10. Cal é/era a actividade do centro ou organización en que TRABALLA OU TRABALLOU NO SEU ÚLTIMO EMPREGO? Se ten/tivo varios empregos céntrase SÓ NO PRINCIPAL.

Entrevistador/a: A clasificación debe facerse considerando o tipo de posto de traballo e as exixencias para desempeñalo, e non a cualificación profesional do participante. Para clasificalo consulte a táboa. Pídalle que describa o tipo de traballo e a súa categoría profesional, de forma similar a como se fai nos seguintes exemplos: fábrica de artigos deportivos, matadoiro municipal, empresa de limpeza, banco, granxa, empresa de transportes, construción naval, e anóteo na liña de puntos.

ENTREVISTADOR: Anote a actividade que realiza de forma detallada na liña de abaixo e CODIFICAR na táboa. Ademais, VER TARXETA D10 e anotar o código de dous díxitos da actividade concreta

ANOTAR ACTIVIDADE: _____

ANOTAR CÓDIGO CON DOUS DÍXITOS: _____

| | | |
|----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | A- Agricultura, gandaría, silvicultura e pesca |
| 2 | <input type="checkbox"/> | B- Industrias extractivas |
| 3 | <input type="checkbox"/> | C- Industria manufacturera |
| 4 | <input type="checkbox"/> | D- Subministración de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado |
| 5 | <input type="checkbox"/> | E- Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación |
| 6 | <input type="checkbox"/> | F- Construción |
| 7 | <input type="checkbox"/> | G- Comercio por xunto e polo miúdo; reparación de vehículos de motor e motocicletas |
| 8 | <input type="checkbox"/> | H- Transporte e almacenamento |
| 9 | <input type="checkbox"/> | I- Hostalaría |
| 10 | <input type="checkbox"/> | J- Información e comunicacións |
| 11 | <input type="checkbox"/> | K- Actividades financeiras e de seguros |
| 12 | <input type="checkbox"/> | L- Actividades inmobiliarias |
| 13 | <input type="checkbox"/> | M- Actividades profesionais, científicas e técnicas |
| 14 | <input type="checkbox"/> | N- Actividades administrativas e servizos auxiliares |
| 15 | <input type="checkbox"/> | O- Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria |
| 16 | <input type="checkbox"/> | P- Educación |
| 17 | <input type="checkbox"/> | Q- Actividades sanitarias e de servizos sociais |
| 18 | <input type="checkbox"/> | R- Actividades artísticas, recreativas e de entretemento |
| 19 | <input type="checkbox"/> | S- Outros servizos |
| 20 | <input type="checkbox"/> | T- Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio |
| 21 | <input type="checkbox"/> | U- Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais |
| 99 | <input type="checkbox"/> | NS/NC |

D11. Cal é ou era a súa situación ou rango profesional no seu último traballo principal?

Pídalle que describa o tipo de traballo e a súa categoría profesional, de forma similar a como se fai nos seguintes exemplos: condutor/a de autobús, peón da construción, profesor/a de universidade, oficinista nun matadoiro, soldador/a en altos fornos, empregado/a da limpeza, inspector/a de facenda.

ENTREVISTADOR: Anote a situación ou rango profesional que desempeña de forma detallada na liña de abaixo e CODIFICAR na táboa. Ademais, VER TARXETA D11 e anotar o código de dous díxitos da ocupación concreta.

ANOTAR RANGO PROFESIONAL: _____
ANOTAR CÓDIGO CON DOUS DÍXITOS: _____

| | | |
|----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Directores e xerentes |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Técnicos e profesionais científicos e intelectuais |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Técnicos; profesionais de apoio |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Empregados contables, administrativos e outros empregados de oficina |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Traballadores cualificados no sector agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e da construción (excepto operadores de instalacións e maquinaria) |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Operadores de instalacións e maquinaria, e montadores |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Ocupacións elementais |
| 10 | <input type="checkbox"/> | Ocupacións militares |
| 99 | <input type="checkbox"/> | NS/NC |

D12. Para coñecer un pouco mellor a súa situación laboral, poderíame indicar en cal dos seguintes grupos se inclúe vostede?

| | | |
|---|--------------------------|--|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Membro dunha cooperativa |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Empresario con asalariados |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Traballador independente ou empresario sen asalariados |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Axuda na empresa ou negocio familiar |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Asalariado sector público |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Asalariado sector privado |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Outra situación. Especificar..... |
| 9 | <input type="checkbox"/> | NS/NC |

D13. Que tipo de xornada ten ou tiña habitualmente no seu último traballo principal?

| | | |
|----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Xornada partida (mañá e tarde) |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Xornada continua de mañá (por exemplo, de 8 a 15) |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Xornada continua de tarde (por exemplo, de 13 a 21) |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Xornada continua de noite |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Xornada reducida |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Quendas rotatorias, excepto a da noite |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Quendas rotatorias, coa da noite |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Horario irregular |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Outro tipo |
| 99 | <input type="checkbox"/> | NS/NC |

D16. Voulle preguntar de forma aproximada polos ingresos mensuais netos do seu fogar na actualidade. Conte:

- A suma dos ingresos regulares percibidos por todos os membros do fogar, acheguen ou non estes ingresos na súa totalidade ou en parte para sufragar os gastos do fogar.
- A proporción mensual dos ingresos que non teñan periodicidade mensual como pagas extraordinarias, prestacións sociais e outros ingresos extraordinarios que se perciban regularmente.
- Para os ingresos de traballo por conta propia debe descontar dos ingresos mensuais os gastos deducibles (impostos, Seguridade Social, etc.)

Indíqueme en que intervalo están comprendidos os ingresos mensuais netos do seu fogar:

| | |
|----|--------------------|
| 1 | Ata 499 € |
| 2 | De 500 a 999 € |
| 3 | De 1.000 a 1.499 € |
| 4 | De 1.500 a 1.999 € |
| 5 | De 2.000 a 2.499 € |
| 6 | De 2.500 a 2.999 € |
| 7 | De 3.000 a 4.999 € |
| 8 | Máis de 5.000 € |
| 99 | NS/NC |

D17. Dígame por favor o número de persoas que compoñen o seu fogar incluíndose vostede mesmo. Considérase que forma un fogar o grupo de persoas que residen habitualmente na vivenda familiar con cargo a un mesmo orzamento. Polo tanto, inclúa as persoas que cumpran algunha das seguintes características:

- Residen ou pensan residir a maior parte do ano na vivenda, aínda que estean ausentes temporalmente por enfermidade, estudos, traballo, vacacións, etc.
 - Participan do orzamento do fogar (consomen e/ou comparten alimentos ou outros bens).
 - Son convidados de longa duración, por exemplo, un ano ou máis.
 - Son empregados domésticos internos.
 - **Exclúa, por favor, as persoas que cumpran algunha das seguintes características:**
 - Non participan do orzamento do fogar. É dicir, non achegan ingresos ao fogar pero tampouco realizan gastos con cargo ao orzamento familiar.
 - Son convidados de curta estancia.
 - Son hóspedes ou realugueiros.
 - Son servizo doméstico NON interno.
- Considérase que "**reside no fogar**" quen **residiu máis de 45 días nos últimos 3 meses** ou se incorporou definitivamente á vivenda familiar principal.
- Se a vivenda está ocupada por **dous ou máis grupos humanos con orzamentos diferenciados** (vivenda con realugueiros ou compartida por grupos de persoas con economías independentes) considere que cada un destes grupos forman un fogar.
- Cando na mesma vivenda residan unicamente **estudantes** que non teñan un orzamento común e dependan economicamente doutro fogar, considéranse membros do fogar que achega o diñeiro para que poidan facer fronte aos seus gastos.
- En calquera caso considéranse persoas que residen no fogar as persoas que por razóns de **desprazamento temporal** non están actualmente no fogar:
- Persoas en viaxes de negocios ou de lecer. Vacacións.
 - Mariñeiros no mar.
 - Persoal navegante de compañías aéreas ou marítimas nacionais ou estranxeiras.
 - Estudantes ou traballadores desprazados temporalmente a outro municipio ou país.
 - Internos en centros penais, etc.

Nº de persoas que compoñen o fogar (incluíndose vostede) / _/_/_/

Xa terminamos a entrevista. Agradecemos sinceramente a súa cooperación.

Para controlar a calidade da nosa enquisa tomaremos contacto telefónico cunha parte dos participantes na mesma para verificar que o entrevistador seguiu correctamente os procedementos establecidos. Só lle preguntaremos cuestións xerais, ningunha información específica. A estes efectos, poderíame dicir o seu nome de pila e o número de teléfono da casa e/ou do seu móbil?

Entrevistador/a: Anote a resposta no lugar reservado para iso na última páxina. Aproveite para cubrir tamén os datos relativos á dirección, cidade, etc.

Para ser rellenado por el ENTREVISTADOR

Ent1. ¿El entrevistado/a ha respondido por sí mismo los bloques autorrellenables del cuestionario de consumo de sustancias o le ha tenido que prestar ayuda?

| | | | |
|---|--------------------------|---------------------------------|--------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Sí, ha respondido por su cuenta | → Pasar a pregunta Ent4. |
| 2 | <input type="checkbox"/> | No, ha necesitado ayuda | |

Ent2. ¿Cuáles no ha autorrespondido o ha necesitado ayuda?

| | | | | | |
|----|--------------------------|--|----|--------------------------|----------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | <input type="checkbox"/> | 12 | <input type="checkbox"/> | Alucinógenos |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Alcohol | 13 | <input type="checkbox"/> | Heroína |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Tabaco | 14 | <input type="checkbox"/> | Inhalables Volátiles |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Cigarillos electrónicos | 15 | <input type="checkbox"/> | GHB |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Tranquilizantes/Sedantes y Somníferos | 16 | <input type="checkbox"/> | Metanfetaminas |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Tranquilizantes/Sedantes y Somníferos sin receta | 17 | <input type="checkbox"/> | Setas mágicas |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Analgésicos opioides | 18 | <input type="checkbox"/> | Nuevas sustancias |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Cánnabis Marihuana o Hachís | 19 | <input type="checkbox"/> | Tratamiento |
| 9 | <input type="checkbox"/> | Cocaína en polvo | 20 | <input type="checkbox"/> | Juego con dinero |
| 10 | <input type="checkbox"/> | Cocaína en forma de base | 21 | <input type="checkbox"/> | Internet |
| 11 | <input type="checkbox"/> | Éxtasis u otras drogas de síntesis | 22 | <input type="checkbox"/> | Salud |
| | | Anfetaminas o Speed | | | |

Ent3. ¿Y por qué razón no la ha autorrespondido?

| | | |
|---|--------------------------|------------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Por estar incapacitado |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Por no saber leer o escribir |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Porque no ha querido |

Ent4. ¿Qué grado de sinceridad cree que ha habido en la encuesta?

| | | |
|---|--------------------------|----------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Nada |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Poco |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Bastante |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Mucho |

Ent5. Si el entrevistado/a tenía menos de 18 años ¿qué adulto dio permiso para entrevistarle? (padre, madre, etc.)

| | | |
|---|--------------------------|----------------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Padre |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Madre |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Abuelo, abuela |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Otro adulto (especificar): _____ |

Ent6. Estimación de la comprensión del cuestionario:

| | | |
|---|--------------------------|--|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Ninguna dificultad, sin problemas de lenguaje o lectura |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Sólo alguna dificultad, casi sin problemas de lenguaje o lectura |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Bastante dificultad, algunos problemas de lenguaje o lectura |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Mucha dificultad, problemas considerables de lenguaje o lectura |

Ent7. Rellene las siguientes casillas si el encuestado le ha manifestado durante o al final de la entrevista las siguientes opiniones sobre el cuestionario: Entrevistador: Marque tantas como haya indicado.

| | | |
|---|--------------------------|--|
| 1 | <input type="checkbox"/> | El cuestionario autoadministrado era muy difícil de contestar |
| 2 | <input type="checkbox"/> | El cuestionario autoadministrado era muy repetitivo |
| 3 | <input type="checkbox"/> | El cuestionario autoadministrado no lo ha querido rellenar en su totalidad |
| 4 | <input type="checkbox"/> | El cuestionario autoadministrado tiene una letra demasiado pequeña |
| 5 | <input type="checkbox"/> | El cuestionario autoadministrado tenía una duración excesiva |
| 6 | <input type="checkbox"/> | La encuesta en general es demasiado larga |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Otros(especifique): _____ |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Ninguna |

NOMBRE DEL ENTREVISTADOR/A _____ D.N.I. _____

Observaciones

DATOS DE CLASIFICACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA

Entrevistador: Por favor complete los datos siguientes.

Nº DE RUTA

| | | | | |
|--|--|--|--|--|
| | | | | |
|--|--|--|--|--|

Fecha de la entrevista _____

Nº DE CUESTIONARIO

| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|
| | | | | | |
|--|--|--|--|--|--|

Hora _____ **Duración de la entrevista en minutos** _____

Nombre de pila _____

Teléfono de la casa (número) _____ **Teléfono móvil** _____

- | | | |
|---|--------------------------|----------------------------------|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Tiene teléfono y da el número |
| 2 | <input type="checkbox"/> | No tiene teléfono |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Tiene teléfono y no da el número |

Entrevistador/a: por favor completar los datos siguientes (en letra de imprenta clara)

Dirección _____

Ciudad _____ **Provincia** _____ **Código Postal** _____

